

Elisa Ruibal Cons

Elisa Ruibal Cons exiliouse en Montevideo logo do asasinato do seu home, Víctor Moldes Carro, co que tivera catro fillos varóns e unha nena. Á súa morte, os seus restos foron repatriados a Lérez para que repousasen xunto aos do seu home, unha das figuras máis destacadas do movemento asociativo desa parroquia.

Natural de Campañó, Víctor Moldes foi presidente da Federación Agraria Comarcal e directivo na Federación de Comercio, ademais de participar activamente na campaña en prol da *Fronte Popular* nas eleccións de febreiro de 1936. A familia tiña un ultramarinos na rúa Charino que logo do golpe lles foi incautado.

Tras os días convulsos de xullo, Víctor Moldes decide fuxir pero acaba entregándose cando lle fan crer que a súa vida non corre perigo. O seu expediente militar, estudado polo historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro, inclúe un escrito no que o propio Moldes denuncia a extorsión á que foi sometido por parte do xefe dos gardas cívicos, Víctor Lis Quibén, quen se comprometeu a salvarlle a vida a cambio dunha importante suma de diñeiro, da que, coa mediación do cura de Lérez, Leandro Moldes del Río, fai entrega un dos seus fillos.

“Don Leandro falou coa miña avoa para que lle dixera que se entregara que el o protexía. (...) O avó andara metido nas palleiras e Manolo e tía Chicha ían pola noite levarlle comida”. [Loli Moldes, neta de Elisa Ruibal e Víctor Moldes.]

Moldes presentouse ante don Leandro e, tras pasar uns días no mosteiro, o 12 de setembro é entregado aos cívicos e ingresa en prisión:

“O meu pai -Pepe Moldes Ruibal- lembraba ir á illa de San Simón ver o avó e que o único que lle facía era tocarlle a man. O avó metía os dedos nun buraco que



había na porta e papá tocáballe os dedos”. [Loli Moldes, neta de Elisa Ruibal e Víctor Moldes.]

A pesar do pagamento, é condenado a morte e fusilado o 17 de abril do ano seguinte mais, tras a sentenza, ten o aceno resistente de denunciar a extorsión que tamén padeceron outras familias de Lárez, como a de Albino Sánchez, o *Perriña*, ou a de Castor Pérez Peón, o *Labaradas*, que é o único dos tres que consegue salvar a vida. Albino Sánchez é fusilado xunto a Moldes o 17 de abril do 37, minutos despois de casar, xa en capela, con Carme Casalderrey, nai do seu fillo e da súa filla.

Na denuncia recollida por Álvarez Castro¹, Moldes relata que o párroco Leandro del Río propuxéralle pagar a Lis “polos gastos ocasionados na persecución” (co fin de garantir a súa vida) a cantidade de mil pesetas, que a familia abona ao sacerdote e que posteriormente ten que ampliar con outras duascenas entregadas persoalmente ao xefe dos cívicos.

A investigación aberta a raíz da denuncia proba a extorsión aos tres veciños de Lárez, así como doutros condenados de Tomeza, Marcón ou Salcedo, mais as autoridades franquistas ditan o sobresemento, baseándose en que non se coñece se os responsables quedaron cos cartos ou foron entregados “á causa nacional”.

Ademais de perder o pai, tres dos catro fillos varóns de Víctor Moldes e Elisa Ruibal (Victoriano, Pepe e Ramiro) tiveron que alistarse no bando que matara o seu pai, aínda que só o primeiro estivo na fronte de batalla. O resto ficaron en traballos de retagarda. Ao remate do conflito bélico empregáronse en tendas de ultramarinos como a que lles fora furtada:

“Cando matan o avó, os irmáns póñense a traballar nun comercio de ultramarinos. Victoriano con Toribio Prieto e o meu pai con Rafael Prieto. Cada fillo traballaba cun irmán”. [Loli Moldes, neta de Elisa Ruibal e Víctor Moldes.]

A sentenza non só o condena a morte senón que lle impón importantes multas que recaen sobre a familia, o que provoca a incautación do negocio, como ocorre con moitas outras familias de Pontevedra, como a familia Gama.

O cuarto fillo de Elisa e Víctor, Manuel, aínda non cumprira os dezoito anos cando quedou orfo e os seus irmáns foron obrigados a alistarse. Optou por fuxir a Uruguai a través de Portugal e co tempo viaxou xunto del o resto da familia. Porén, agás Manolo, todos acabaron regresando a Galiza. Elisa, non. A viúva de Víctor finou no exilio e só volveu a Pontevedra cando a descendencia decidiu que os seus restos repousasen para sempre cos do pai furtado.

¹ No seu artigo “Morte, tortura e corrupción. Os “cívicos” en Pontevedra”, incluído no libro ‘Os nomes do terror’, da editorial Sermos.